FESTIVAL INTERNACIONAL

VERIN

VII EDICIÓN

ORGANIZA

VERÍN MEDRA CONTIGO
Concello de Verín

asociación cultural VIA XIV

VÍA XIV
CURTAS
FESTIVAL INTERNACIONAL
VERIN

Máis información en:

facebook.com/ficviaxiv

@ficviaxiv

www.ficviaxiv.com

www.verin.es

INDICE

2 **Patrocinadores e colaboradores**
Patrocinadores y colaboradores

3 **Saúdas**
Saludos

7 **Xurado e Premios**
Jurado y premios

9 **Programa**
Programa

10 **Actividades Paralelas**
Actividades Paralelas

17 **Guía de curtas FIC Vía XIV 2022**
Guía de cortos FIC Vía XIV 2022

36 **Agradecementos**
Agradecimientos

37 **Equipo de traballo**
Equipo de trabajo

ORGANIZA

PATROCINA

COLABORA

SAUDA DO CONCELLO DE VERIN

Resiliencia cultural

A comarca de Verín concentra nos últimos anos a maior actividade cultural do sur da provincia de Ourense, por poboación, por extensión xeográfica e por calidade e cantidade dos sus contidos. Teatro, folclore, patrimonio e, coma non, cinema. O Festival Internacional de Curtas de Verín é o buque insignia da resiliencia cultural da Galicia viva, vibrante, que produce e que crea as súas propias industrias culturais cunha identidade propia.

Telo visto nacer e medrar, afrontar con éxito as dificultades, saíndo airoso de cada nova edición e non deterse, aínda nos tempos da pandemia, supón un verdadeiro orgullo para Verín. Como sociedade que crea, que se expresa, temos que agradecer a implicación e esforzo de todo o equipo de traballo que fai posible, edición tras edición, o FIC Vía XIV, e a súa inspiración ao retomar este ano o seu camiño inicial de converterse nun auténtico contedor cultural.

Animámosvos a todas e todos a participar neste exemplo de intelixencia colectiva dunha sociedade viva, lembrando sempre que estas curtas e estes traballos son o perfecto escaparate de visualización do noso mellor talento local.

Gerardo Seoane (alcalde) e
Emilia Somoza (concelleira de Cultura)

SALUDA DEL AYUNTAMIENTO DE VERIN

Resiliencia cultural

La comarca de Verín concentra en los últimos años la mayor actividad cultural del sur de la provincia de Ourense, por población, por extensión geográfica y por calidad y cantidad de sus contenidos. Teatro, folklore, patrimonio y, como no, cine. El Festival Internacional de Cortos de Verín es el buque insignia de la resiliencia cultural de la Galicia viva, vibrante, que produce y que crea sus propias industrias culturales con una identidad propia.

Haberlo visto nacer y crecer, afrontar con éxito las dificultades, saliendo airoso de cada nueva edición y no detenerse, incluso en los tiempos de la pandemia, supone un verdadero orgullo para Verín. Como sociedad que crea, que se expresa, tenemos que agradecer la implicación y el esfuerzo de todo el equipo de trabajo que hace posible, edición tras edición, el FIC Vía XIV, y su inspiración al retomar este año su camino inicial de convertirse en un auténtico contenedor cultural.

Os animamos a todas y todos a participar en este ejemplo de inteligencia colectiva de una sociedad viva, recordando siempre que estos cortos y estos trabajos son el perfecto escaparate de visualización de nuestro mejor talento local.

Gerardo Seoane (alcalde) y
Emilia Somoza (concejala de Cultura)

SAUDA DO EQUIPO ORGANIZADOR DO FESTIVAL

Isto vai por vós!

O Festival Internacional de Curtametraxes de Verín converteuse, por méritos propios, nun dos piares fundamentais da axenda cultural, de ocio e lecer da vila do Támega como se ten evidenciado ao longo das súas seis edicións celebradas ata a o momento.
Neste 2022, o FIC Verín Vía XIV, que naceu como un soño dun grupo de creadores de Verín interesados por axudar a fortalecer a programación cultural local deseñando un certame de renome internacional audiovisual, cumpre xa sete anos e faino convertido nun auténtico selo da “marca Verín”.
O Festival deixou hai tempo de ser un descoñecido para integrarse na rede galega de festivais do sector e recibir apoios de diferentes administracións, mais alá do propio Concello de Verín (tamén da Deputación Provincial de Ourense). Son diferentes os certames sectoriais que comparten experiencias co noso equipo, que chaman aos membros do comité organizador do FIC para participar en debates e mesas redondas nas que se intercambia información de interese ao respecto do estado do sector en Galicia e tamén son numerosos, e cada ano máis, os medios de comunicación que recollen informacións sobre o devir do certame.
Xogamos xa na liga adulta e iso énchenos de emoción e orgullo a todos aqueles que contribuímos a crear o FIC Vía XIV dende cero e aos que, co noso esforzo e traballo, ano tras ano -superando dificultades, atrancos e recortes de diferente tipo e, mesmo, cunha pandemia de por medio- puidemos ver como o festival se facía grande e, sobre todo, cada vez máis popular, non só na provincia de Ourense, senón dentro de toda Galicia.
Este ano quixemos facer unha selección de curtas máis reducida para amosar unha proposta de altísima calidade, que concentre en catro días a competición oficial. Un total de 18 propostas dunha ducia de países diferentes participan nesta VII edición do FIC e de novo, nas súas credenciais, todas estas cintas levarán o “marchamo” de ter pasado por Verín como un selo de prestixio no seu discorrer cinematográfico. Un fito que nos fai sentir especialmente orgullosos a cantos conformamos o equipo organizador do certame.
Pero non queremos esquecernos que se o festival é posible é grazas a ese público fiel que, ano tras ano, merca as súas entradas e o seus bonos para respaldar coa súa presenza a oferta de cinema e de cultura en Verín. Grazas por estar aí. Isto vai por vós!

SALUDA DEL EQUIPO ORGANIZADOR DEL FESTIVAL

¡Esto va por vosotros!

El Festival Internacional de Cortometrajes de Verín se ha convertido, por méritos propios, en uno de los pilares fundamentales de la agenda cultural y de ocio de la villa del Támega, como se ha evidenciado a lo largo de sus seis ediciones celebradas hasta el momento. En este 2022, el FIC Verín Vía XIV, que ha nacido como un sueño de un grupo de creadores de Verín interesados por ayudar a fortalecer la programación cultural local diseñando un certamen de renombre internacional audiovisual, cumple ya siete años y lo hace convertido en un auténtico sello de la "marca Verín".

El Festival ha dejado hace tiempo de ser un desconocido para integrarse en la red gallega de festivales del sector y recibir apoyos de diferentes administraciones, más allá del propio Ayuntamiento de Verín (también de la Diputación Provincial de Ourense). Son diferentes los certámenes sectoriales que comparten experiencias con nuestro equipo, que llaman a los miembros del comité organizador del FIC para participar en debates y mesas redondas en las que se intercambia información de interés al respecto del estado del sector en Galicia y también son numerosos, y cada año más, los medios de comunicación que recogen informaciones sobre el devenir del certamen.

Jugamos ya en la liga adulta y eso nos llena de emoción y orgullo a todos aquellos que hemos contribuido a crear el FIC Vía XIV desde cero y a los que, con nuestro esfuerzo y trabajo, año tras año -superando las dificultades y recortes de diferente tipo e, incluso, con una pandemia de por medio- pudimos ver como el festival se hacía grande y, sobre todo, cada vez más popular, no solo en la provincia de Ourense, sino dentro de toda Galicia.

Este año hemos querido hacer una selección de cortos más reducida para mostrar una propuesta de altísima calidad, que concentre en cuatro días la competición oficial. Un total de 18 propuestas de una docena de países diferentes participan en esta VII edición del FIC y de nuevo, en sus credenciales, todas estas cintas llevarán el "marchamo" de haber pasado por Verín como un sello de prestigio en su discurrir cinematográfico. Un hito que nos hace sentir especialmente orgullosos a cuantos conformamos el equipo organizador del certamen.

Pero no queremos olvidarnos que si el festival es posible es gracias a ese público fiel que, año tras año, compra sus entradas y sus bonos para respaldar con su presencia la oferta del cine y de cultura en Verín. Gracias por estar ahí. ¡Esto va por vosotros!

XURADO E PREMIOS

Membros do xurado oficial do FIC Vía XIV 2022

Elena García: Licenciada en Historia da Arte, especializouse en historia do cinema e en xestión cultural. A súa vida profesional estivo sempre ligada á cultura e ás súas manifestacións artísticas, así coma á xestión de eventos e vendas en ámbitos nacionais e internacionais. Actualmente é a coordinadora da Asociación Sindical de Guionistas de Galicia (AGAG), vicepresidenta da Federación de Cineclubes de Galicia (FECIGA), delegada de cineclubes en CIMA e forma parte da directiva do cineclube de Cangas.

Manolo Torrente: Natural de Neda (A Coruña), é licenciado en Xeografía e Historia e traballou coma periodista en Ferrol Diario, Cadena Ser e Televisión de Galicia, onde levou a cabo, entre outras funcións, as de editor e presentador. Durante vinte anos, exerceu coma profesor na Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación da Universidade de Vigo (Campus de Pontevedra). Realizou numerosos documentais, entre eles Mauthausen, regreso ao campo da morte, que se proxectará na presente edición do FIC Vía XIV.

Nora Sola: Xornalista, empresaria e directora de sete edicións do Festival Internacional de Cine Independente de Ourense, Nora Sola é unha profesional que estivo toda a súa vida vinculada aos medios de comunicación. Posúe unha ampla experiencia en prensa, radio e televisión que abarca todos os campos, desde a produción ata a dirección en todos e cada un dos seus proxectos. Na actualidade e tras a súa xubilación é colaboradora habitual en diferentes programas de radio e televisión, coordinadora do Club de Lectura e do Grupo de Teatro Leido Berenguela, así como vicepresidenta do Club de Leones Ourense Calpurnia.

Establécense os seguintes premios:

- **Premio do Xurado á Mellor Curtametraxe da Categoría Horizontes: 750€ e Trofeo.**
- **Premio do Xurado á Mellor Curtametraxe da Categoría Oficial A Raia: 750€ e Trofeo (patrocinado por Eurocidade Chaves-Verín)**
- **Premio do Xurado á Mellor Curtametraxe da Categoría Oficial Nova (patrocinado por Fundación Dentalnova): 750€ e Trofeo.**
- **Premio Especial do Público á Mellor Curtametraxe: 600€ e Trofeo.**

JURADO Y PREMIOS

Miembros del jurado oficial del FIC Vía XIV 2022

Elena García: Licenciada en Historia del Arte, está especializada en historia del cine y en gestión cultural. Su vida profesional ha estado siempre ligada a la cultura y sus diversas manifestaciones artísticas, así como a la gestión de eventos y ventas en ámbitos nacional e internacional. Actualmente es la coordinadora de la Asociación Sindical de Guionistas de Galicia (AGAG), vicepresidenta de la Federación de Cineclubes de Galica (FECIGA), delegada de cineclubes en CIMA y forma parte de la directiva del cineclub de Cangas.

Manolo Torrente: Natural de Neda (A Coruña), es licenciado en Geografía e Historia y ha trabajado como periodista en Ferrol Diario, Cadena Ser y Televisión de Galicia, donde desarrolló, entre otras funciones, la de editor y presentador. Durante veinte años ejerció como profesor en la Facultad de Ciencias Sociales y de la Comunicación de la Universidad de Vigo (Campus de Pontevedra). Ha realizado numerosos documentales, entre ellos Mauthausen, regreso al campo de la muerte, que se proyectará en la presente edición del FIC Vía XIV.

Nora Sola: Periodista, empresaria y directora de siete ediciones del Festival Internacional de Cine Independiente de Ourense, Nora Sola es una profesional que ha estado toda su vida vinculada a los medios de comunicación. Posee una amplia experiencia en prensa, radio y televisión que abarca todos los campos, desde la producción hasta la dirección en todos y cada uno de sus proyectos. En la actualidad y tras su jubilación, es colaboradora habitual en diferentes programas de radio y televisión, coordinadora del Club de Lectura del Grupo de Teatro Leido Berenguela, así como vicepresidenta del Club de Leones Ourense Calpurnia.

Se establecen los siguientes premios:
- **Premio del Jurado al Mejor Cortometraje de la Categoría Horizontes: 750€ y Trofeo.**
- **Premio del Jurado al Mejor Cortometraje de la Categoría Oficial A Raia: 750€ y Trofeo (patrocinado por Eurocidade Chaves-Verín).**
- **Premio del Jurado al Mejor Cortometraje de la Categoría Oficial Nova (patrocinado por Fundación Dentalnova): 750€ y Trofeo.**
- **Premio Especial del Público al Mejor Cortometraje: 600€ y Trofeo.**

PROGRAMA

PRAZA MAIOR

HORA	Martes 30
20:30 h	ACTO INAUGURAL Trío Caspervek The Cameraman De Buster Keaton

AUDITORIO

HORA	Mércores 31	Xoves 1	Venres 2	Sábado 3	Domingo 4
10:00 h		SOPA CÓMICA 1	SOPA CÓMICA 2		
12:00 h				A RAIA 2	
13:00 h					
17:30 h			A RAIA 1	NOVA 1	
18:45 h	HORIZONTES 1	HORIZONTES 2	HORIZONTES 1	HORIZONTES 2	
20:30 h	A RAIA 2	ENTROIDO: OUTRAS MIRADAS	Festival convidado: IFFF Vigo	Mauthausen, regreso ao campo da morte	Gala Final 19:30h
22:00 h	A RAIA 1	NOVA 1	NOVA 2	NOVA 2	

PODCAST	CATA CERVEXA	MÚSICA ELECTRÓNICA	CONCENTRACIÓN DE VESPAS
IRMANDADES DA CUADRA 21:00	HOP & ROLL 22:00	COLECTIVO SALITRE 23:00	BANDA DE GARDA 13:00

ZONA ROOMBO
AUDITORIO

ACTUACIÓNS
En Mala Hora 22:30
Jesus The Snake 00:00

CURTAS E CATEGORÍAS

A RAIA 1
- ROMPEN'TE
- LUZ DE PRESENÇA
- O QUE QUEDA

A RAIA 2
- CINERIS
- O NIÑO DOS PAXAROS
- O TEU NOME É

NOVA 1
- ESTÁ AMANECIENDO
- CABALLO DE ESPUMA
- SOUVENIR D'UNE APRÈS-MIDI D'ETÉ

NOVA 2
- SHARK
- THE LAST DAY OF PATRIARCHY
- CROSSROAD

HORIZONTES 1
- VOIL DE NUIT
- ESPEJISMOS
- MTI

HORIZONTES 2
- CAN CARDELL
- SIKIITU
- IN FLOW OF WORDS

ACTIVIDADES PARALELAS

ACTO INAUGURAL

30.08.2022 (20.30h)

O Festival Internacional de Curtas de Verín arrinca a súa VII edición. Farao cun acto inaugural diferente, que terá lugar na Praza Maior. Neste acto, o trío Casperverk musicalizará en directo o filme The cameraman de Buster Keaton.

ACTO INAUGURAL

30.08.2022 (20.30h)

El Festival Internacional de Cortos de Verín arranca su VII edición. Lo hará con un acto inaugural diferente, que tendrá lugar en la Plaza Mayor de Verín. En este acto, el trío Casperverk musicalizará en directo el film The cameraman de Buster Keaton.

PODCAST IRMANDADES DA CUADRA

31.08.2022 (21.00h)

Zona Roombo. Exterior do Auditorio

O xa coñecido equipo de reporteiros locais de Irmandades da Cuadra entrevistará a persoas vinculadas ao festival cun ton de retranca que divertirá ao público e que contará con varias actuacións en directo. Esta actividade retransmitirase en directo a través da canles do propio festival.

PODCAST IRMANDADES DA CUADRA

31.08.2022 (21.00h)

Zona Roombo. Exterior del Auditorio

El ya conocido equipo de reportero locales de Irmandades da Cuadra entrevistará a personas vinculadas al festival con un tono de retranca que divertirá al público y que contará con varias actuaciones en directos. Esta actividad se retransmitirá en directo a través de los canales del propio festival.

ACTIVIDADES PARALELAS

SOPA CÓMICA

01-09-2022 // 02-09-2022

10.00 a 11.30 horas (2 a 7 anos) e de 12.00 a 13.00 horas (8 a 12 anos)

Auditorio de Verín

A narradora oral Raquel Queizás actuará para os cativos e cativas da comarca para descubrirlles o cinema e facelos entrar en contacto coa enxeñosa Mabel Normand, coa camaleónica Collen Moore, co polifacético Charles Chaplin, co xenio de Buster Keaton, cos comediantes Laurel e Hardy (o Gordo e o Fraco) ou cos inigualables Irmáns Marx (Groucho, Harpo e Chico). Posteriormente, as crianzas gozarán dunha sesión de cinema infantil na que poderán votar pola súa curta favorita.

SOPA CÓMICA

01-09-2022 // 02-09-2022

10.00 a 11.30 horas (2 a 7 años) y de 12.00 a 13.00 horas (8 a 12 años)

Auditorio de Verín

La narradora oral Raquel Queizás actuará para los niños y niñas de la comarca para descubrirles el cine y hacerles entrar en contacto con la ingeniosa Mabel Normand, con la camaleónica Collen Moore, con el polifacético Charles Chaplin, con el genio de Buster Keaton, con los comediantes Laurel y Hardy (el Gordo y el Flaco) o con los inigualables Hermanos Marx (Groucho, Harpo y Chico). Posteriormente, los más pequeños gozarán de una sesión de cine infantil en la que podrán votar por su corto favorito.

ENTROIDO

01.09.2022 (20.30h)

Auditorio de Verín

O Festival pon de novo o foco nun dos seus piares fundamentais: o Entroido. Nesta ocasión, farao a través de narrativas menos convencionais. Dunha banda, proxectarase unha sesión de curtametraxes cuxo fío condutor será o Entroido dende unha visión de orixe e posta en común das diferentes tradicións ao redor do mundo. A sesión finalizará cunha curta filmada nos anos 70 en Laza. Doutra banda, representarase a performance Carrilano KaoS de Álvaro Rúa con Gaita en Dó con técnicas estendidas na que colaborarán o Fulión de Mormentelos e Kotodama Teatro.

ENTROIDO

01.09.2022 (20.30h)

Auditorio de Verín

El Festival pone de nuevo el foco en uno de sus pilares fundamentales: el Entroido. En esta ocasión, lo hará a través de narrativas menos convencionales. Por una parte, se proyectará una sesión de cortometrajes cuyo hilo conductor será el carnaval desde una visión de origen y puesta en común de diferentes tradiciones alrededor del mundo. La sesión finalizará con un corto filmado en los años 70 en Laza. Por otra parte, se representará la performance Carrilano KaoS de Álvaro Rúa con Gaita en DÓ y con técnicas extendidas, en la que colaborarán el Fulión de Mormentelos y Kotodama Teatro.

HOP & ROLL

01.09.2022 (22.00h)

Zona Roombo. Exterior do Auditorio

Unha experiencia na que se catarán e se ensinará a valorar as grandes descoñecidas do noso panorama cervexeiro actual, mentres se maridan con comestibles da nosa terra. A actividade compleméntase combinando cada tándem gastronómico coa obra musical de artistas galegos, unha “pinchada” na que participará o mellor tirador de cervexa de España e tamén DJ de música en galego, Gustavo Rey, xunto ao seu colega Óscar Piñeiro. A continuación arrincará a parte musical ofrecendo aos asistentes unha sesión DJ de música en galego.

HOP & ROLL

01.09.2022 (22.00h)

Zona Roombo. Exterior do Auditorio

Una experiencia en la que se catarán y se enseñará a valorar las grandes desconocidas de nuestro panorama cervecero actual, mientras se maridan con comestibles de nuestra tierra. La actividad se complementa combinando cada tándem gastronómico con la obra musical de artistas gallegos, una “pinchada” en la que participará el mejor tirador de cerveza de España y también DJ de música en gallego, Gustavo Rey, junto a su colega Óscar Piñeiro. A continuación, arrancará la parte musical ofreciendo a los asistentes una sesión DJ de música en gallego.

FESTIVAL CONVIDADO:

02.09.2022 (20.30h)

Auditorio de Verín

O **Galician Freaky Film Festival** é a cita definitiva do cinema e a cultura freak. Un festival que amosa unha coidada selección de pezas audiovisuais que moitas veces se ven privadas das canles habituais de distribución. Pezas moitas veces inéditas en Galicia, con estreas nacionais, internacionais e mundiais. Por isto, este ano o Festival Internacional de Curtas de Verín quere render homenaxe a este evento único traxendo ata a vila do Támega algunhas das súas proxeccións máis singulares e ao seu director, Juan de Castro, para participar nun coloquio co público.

FESTIVAL INVITADO:

02.09.2022 (20.30h)

Auditorio de Verín

El **Galician Freaky Film Festival** es la cita definitiva del cine y la cultura freak. Un festival que muestra una cuidada selección de piezas audiovisuales que muchas veces se ven privadas de los canales habituales de distribución. Piezas, muchas veces, inéditas en Galicia, con estrenos nacionales, internacionales y mundiales. Por eso, este año el Festival Internacional de Cortos de Verín quiere rendir homenaje a este evento único trayendo hasta la villa del Támega algunas de sus proyecciones más singulares y a su director, Juan de Castro, para participar en un coloquio con el público.

SESIÓN DE MÚSICA ELECTRÓNICA

02.09.2022 (23.00h)

Zona Roombo. Exterior do Auditorio

Sesión de música electrónica a cargo do Colectivo Salitre, que contará coa actuación dos tres DJ´s residentes -ICF, Anxiety For Living e Southear.

SESIÓN DE MÚSICA ELECTRÓNICA

02.09.2022 (23.00h)

Zona Roombo. Exterior del Auditorio

Sesión de música electrónica a cargo del Colectivo Salitre, que contará con la actuación de los tres DJ’s residentes -ICF, Anxiety For Living y Southear.

CONCENTRACIÓN DE MOTOCICLETAS

03.09.2022 (13.00h)

Zona Roombo. Exterior do Auditorio

O Espazo Roombo concentrará un encontro de Vespas, Lambrettas e motos clásicas, amenizado cunha sesión vermú que contará coa música da Banda de Garda.

CONCENTRACIÓN DE MOTOCICLETAS

03.09.2022 (13.00h)

Zona Roombo. Exterior del Auditorio

El Espacio Roombo concentrará un encuentro de Vespas, Lambrettas y motos clásicas, amenizado con una sesión vermú que contará con la música de la Banda de Garda.

PROXECCIÓN DE MAUTHAUSEN, REGRESO AO CAMPO DA MORTE

03.09.2022 (20.30h)

Auditorio de Verín

Un documental de aproximadamente 25 minutos de duración dirixido e guionizado hai máis de tres décadas polo xornalista e historiador galego Manolo Torrente poderá verse, no marco das actividades paralelas, nesta edición do FIC Vía XIV de Verín.
Trátase de Mauthausen, regreso ao campo da morte, que conta a historia de dous galegos que conseguiron fuxir con vida do horror daquel campo de concentración: Enrique Doval, natural de Lugo, e Xaquín Balboa, procedente de Estevesiños (localidade próxima a Verín).
Ambos os dous viaxaron con Torrente e coa súa equipa técnica, conformada polo reporteiro gráfico Álex Adonis e polo produtor Xabier Tropat, ata Mathausen en 1989 para ofrecer as súas testemuñas en primeira persoa do inferno que alí viviron.
Tras a súa estrea na Televisión de Galicia hai 33 anos, este documental foi presentado en diferentes entidades educativas e institucionais e agora chega ata o FIC Vía XIV de Verín.

PROYECCIÓN DE MAUTHAUSEN, REGRESO AO CAMPO DA MORTE

03.09.2022 (20.30h)

Auditorio de Verín

Un documental de aproximadamente 25 minutos de duración dirigido y guionizado hace más de tres décadas por el periodista e historiador gallego Manolo Torrente podrá verse, en el marco de las actividades paralelas, en esta edición del FIC Vía XIV de Verín.

Se trata de Mauthausen, regreso al campo de la muerte, que cuenta la historia de dos gallegos que consiguieron salir con vida del horror de aquel campo de concentración: Enrique Doval, natural de Lugo, y Xaquín Balboa, procedente de Estevesiños (localidad próxima a Verín)
Ambos viajaron con Torrente y con su equipo técnico, conformado por el reportero gráfico Álex Adonis y por el productor Xabier Tropat, hasta Mathausen en 1989 para ofrecer sus testimonios en primera persona del infierno que allí vivieron.
Tras su estreno en la Televisión de Galicia hace 33 años, este documental fue presentado en diferentes entidades educativas e institucionales y ahora llega al FIC Vía XIV de Verín.

CONCERTOS

03.09.2022 (22.30h e 00.00h)

Zona Roombo. Exterior do Auditorio

Actuación da banda de música pop-rock En Mala Hora (ás 22.30 horas) e do grupo de rock psicodélico Jesus The Snake (00.00 horas).

CONCERTOS

03.09.2022 (22.30 e 00.00h)

Zona Roombo. Exterior del Auditorio

Actuación de la banda de música pop-rock En Mala Hora (ás 22.30 horas) y del grupo de rock psicodélico Jesus The Snake (00.00 horas).

ACTO DE CLAUSURA E ENTREGA DE PREMIOS

04.09.2022 (19.30h)

Auditorio de Verín

A presentadora local Esther Estévez será a condutora da gala de clausura da VII edición do FIC, no decurso da cal se dará a coñecer a listaxe de curtas gañadoras do certame.

ACTO DE CLAUSURA Y ENTREGA DE PREMIOS

04.09.2022 (19.30h)

Auditorio de Verín

La presentadora local Esther Estévez será la conductora de la gala de clausura de la VII edición del FIC, en el decurso de la cual se dará a conocer el listado de cortos ganadores del certamen.



GUÍA DE CURTAS FIC VIA XIV 2022

VIA XIV CURTAS FESTIVAL INTERNACIONAL DE VERÍN

GUÍA DE CORTOS FIC VIA XIV 2022

ROMPENTE

Eloy Domínguez Serén
España - 2021
26’

Sinopse | Sinopsis
Santi é un pai adolescente que vive nun pequeno pobo costeiro. Polo día traballa nas bateas e polas noites marisquea furtivamente. Mentres a súa moza Lucía asume a soidade do coidado do bebé de ambos, Santi, ausente e afogado pola responsabilidade, busca refuxio e redención no mar.

--

Santi es un padre adolescente que vive en un pequeño pueblo costero. De día trabaja en las bateas y por las noches marisquea de manera furtiva. Mientras su novia Lucía asume en soledad el cuidado del bebé de ambos, Santi, ausente y ahogado por la responsabilidad, busca refugio y redención en el mar.

Eloy Domínguez Serén
Simes, Galicia, 1985. Tras estudar en Salamanca e Milán, graduouse en Barcelona en 2010. Antes do seu debut coma cineasta, foi crítico de cinema en prensa e radio. Comezou a súa carreira realizando varias curtametraxes en Suecia, a onde se trasladou en 2011. En 2018 estreou Hamada, a súa primeira longametraxe. Con Rompente gañou a Biznaga de Prata no Festival de Málaga 2022 na categoría de curtas.

Eloy Domínguez Serén
Simes, Galicia, 1985. Tras estudiar en Salamanca y Milán, se graduó en Barcelona en 2010. Antes de su debut como cineasta, fue crítico de cine en prensa y radio. Comenzó su carrera realizando varios cortometrajes en Suecia, a donde se trasladó en 2011. En 2018 estrenó Hamada, su primer largometraje. Con Rompente ganó la Biznaga de Plata del Festival de Málaga 2022 en la categoría de cortos.

A RAIA 1 EUROCIDADE CHAVES-VERÍN | AECT Interreg España - Portugal Chaves~Verín
GUÍA DE CURTAS FIC VIA XIV 2022 | GUÍA DE CORTOS FIC VIA XIV 2022

LUZ DE PRESENÇA

Diogo Costa Amarante
Portugal - 2021
19’

Sinopse | Sinopsis
Nunha noite chuviosa, un home entristecido sae da súa casa para entregar unha carta a alguén que o abandonou recentemente. Nun recuncho, atópase cunha muller que lle advirte de que a estrada está esvaradiza. Así coñece a Diana. Co corazón roto, Gonçalo cae da súa moto.

--

En una noche lluviosa, un hombre entristecido sale de su casa para entregarle una carta a alguien que lo abandonó recientemente. En una esquina, se encuentra con una mujer que le advierte sobre el camino resbaladizo. Así conoce a Diana. Con el corazón roto, Gonçalo se cae de su moto.

Diogo Costa Amarante
Nado en Portugal, onde se graduou en Dereito. En 2007 recibiu a bolsa Ibermedia para estudar Realización de Cinema Documental e Dirección de Fotografía na Escola de Cinema e Audiovisuais de Cataluña, Universidade de Barcelona. En 2016 rematou o Mestrado en Belas Artes na Universidade de Nova York / Tisch School of the Arts coa súa película Cidade Pequena, que acadou o Oso de Ouro á mellor Curtametraxe Internacional na 67ª Berlinale.

Diogo Costa Amarante
Nació en Portugal, donde se graduó en Derecho. En 2007 recibió la beca Ibermedia para estudiar Realización de Cine Documental y Dirección de Fotografía en la Escuela de Cine y Audiovisuales de Cataluña, Universidad de Barcelona. En 2016 terminó su Máster en Bellas Artes en la Universidad de Nueva York / Tisch School of the Arts con su película Cidade Pequena, que ganó el Oso de Oro al mejor Cortometraje Internacional de la 67ª Berlinale.

O QUE QUEDA

Alejandro Rodríguez
España - 2021
9’

Sinopse | Sinopsis
A través da superficie dunha pantalla, adentrámonos na galería dun teléfono móbil. Unha voz introdúcenos ao seu contido e o desmembra dando paso a un ensaio fílmico que cuestiona o valor das imaxes que xeramos diariamente, reflexionando sobre as relacións que se establecen entre memoria e arquivo.

--

A través de la superficie de una pantalla, nos adentramos en la galería de un teléfono móvil. Una voz nos introduce a su contenido y lo desmiembra dando paso a un ensayo fílmico que cuestiona el valor de las imágenes que generamos diariamente y reflexionando acerca de las relaciones que se establecen entre memoria y archivo.

Alejandro Rodríguez
Nado en 1995, Alejandro Rodríguez estudou Comunicación Audiovisual na Universidade de Vigo e o Mestrado en Dirección de Cine e Series de TV na Escola de Artes TAI de Madrid, onde reside actualmente. Con Fume, a súa primeira curtametraxe (2016) acadou os seus primeiros recoñecementos. En 2021 dirixe a curta Nido coma traballo final de Mestrado e o documental O que queda.

Alejandro Rodríguez
